

INSTRUCCIÓN ADMISIÓN ALUMNADO CURSO 2024-2025

- **Prazo: do 1 ao 20 de marzo.**
- A solicitude **poderá presentarse de forma presencial na secretaría do colexio**, unha vez cuberto o formulario do modelo ANEXO II procedemento *ED550B*. O formulario poderá descargarse da web colexial www.maristasourense.com ou da Sede Electrónica da Xunta -www.xunta.es/portada-. Tamén poderá cumprimentarse na aplicación da Xunta www.edu.xunta.es/admisionalumnado.
- Só se pode presentar unha única solicitude.
- A solicitude deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do alumno/a menor de idade non emancipado. **Deberá constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora**, titora ou acollidora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento (anexos I-bis, II-bis e III-bis).
[ORDE do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- A non presentación algún documento xustificativo, ou de ser o caso a denegación para a súa consulta, suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.
- **CONSULTA AUTOMÁTICA DE DATOS** por parte da Administración Educativa, sempre que exista autorización dos solicitantes (nese caso non haberá que achegar esta documentación):
 - DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.
 - Domicilio fiscal.
 - Renda anual per cápita da unidade familiar.
 - Condición de familia numerosa.
 - Discapacidade do alumnado, do proxenitor/a, titor/a, irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE COA SOLICITUDE

- a. Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de idade do alumnado: Libro de Familia (orixinal e copia para ser cotexada)
- b. Documentación acreditativa de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos para cada nivel ou etapa.
- c. Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, de ser o caso.
- d. Copia do DNI do solicitante e dos membros computables da unidade familiar cando se denegue a autorización para a súa consulta automática pola administración.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMO

O resto da documentación, a fin de acreditar o cumprimento dos criterios de prioridade, só se debe achegar e **de forma presencial** ao suposto de que, finalizado o prazo de presentación de solicitudes, existan máis solicitudes de praza que vacantes.

APLICACIÓN DOS CRITERIOS XERAIS DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

- **Irmáns/Irmás matriculados no centro:** Copia completa do libro de familia, ou resolución da Consellería de Traballo e Benestar social no suposto de acollemento. Certificación da Dirección do centro.
- **Pais, nais ou titores legais que traballen no centro:** Acreditación polo propio centro.
- **Proximidade do domicilio familiar ao centro educativo.** (*Non é acumulable a puntuación pola proximidade do domicilio e polo lugar de traballo dos proxenitores ou titores*).
Certificado do Padrón Municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A alta terá unha antigüidade mínima dun ano, (agás circunstancias xustificadas) e o certificado deberá estar expedido dentro do ano natural que corresponda.
De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:
Copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer...) e contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a nome da persoa que solicita a admisión.
- **Proximidade do lugar de traballo ao centro.**
Traballadores por conta allea: copia do contrato de traballo e informe de vida laboral.
Autónomos: Alta censual inicial perante a AEAT, coas súas modificacións.
Persoal ao servizo das administracións públicas: Certificación expedida pola xefatura de persoal.
- **Renda da unidade familiar:** De non existir autorización expresa para a utilización da información de carácter tributario polos dous proxenitores cónxuxes, haberá que achegar a declaración da renda do exercicio 2022.
- **Discapacidade:** Certificación do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Traballo e Benestar, ou polo órgano competente das administracións públicas, de non autorizar a consulta
- **Familia Numerosa:** Fotocopia do Título oficial.
- **Condición de familia monoparental:** Certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social.
- **Criterio complementario establecido polo centro:** *"Que o/a alumno/a solicitante teña unha relación de consanguinidade de ata terceiro grao cun exalumno/a da Institución marista"*.
Certificado emitido polo centro e libro de familia correspondente que acredite o grao de consanguinidade.

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Irmáns/ás no centro	Primeiro irmán: 8 puntos
	Segundo e seguintes: 2 puntos cada un. Máximo de 14 puntos
Traballador do propio centro	3 puntos, non acumulables por ambos proxenitores
Proximidade do domicilio familiar	Na área de influencia: 8 puntos
	En áreas limítrofes: 4 puntos
Lugar de traballo do pai/nai/titor	Na área de influencia: 6 puntos
	En áreas limítrofes: 3 puntos
Renda anual per cápita da unidade familiar	Inferiores a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos
	Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos
	Igual ou superior ao IPREM: 1 punto
Discapacidade igual ou superior ao 33%	Igual ou superior ao IPREM: 0 puntos
	Do alumno/a: 4 puntos
	Dun pai, nai, titor: 3 puntos
Pertenza a familia numerosa	Irmán ou irmá: 1 punto cada un deles
	Categoría Xeral: 2 puntos / Categoría Especial: 3 puntos
Condición de familia monoparental; condición de vítima de violencia de xénero; condición de vítima de terrorismo.	2 puntos
Criterio complementario do centro: <i>"Que o/a alumno/a solicitante teña unha relación de consanguinidade de ata terceiro grao cun exalumno/a da Institución marista"</i>	1 punto

ZONA DE INFLUENCIA COLEXIO MARISTA- CPR SANTA MARÍA

Perímetro comprendido por: avda. Ribeira Sacra desde os límites do termo municipal ata Ponte Nova (Ponte Loña, As Lagoas...). Avda. de Marín e Euloxio Gómez Franqueira ata o enlace coa N-120 (A Ponte, Quintián...). N-120 ata Glorieta do Couto. Rúa Ervedelo, continuando por Rúa Faustino Santalices ata cruzamento coa rúa Francisco de Moure. Francisco de Moure ata praza do Couto. Avenida de Portugal ata rúa Marcelo Macías. Marcelo Macías ata rúa Ponte Codesal, esta ata rúa Domingo Fontán e esta ata rúa da Coruña. Rúa A Coruña, rúa Pena Trevinca, estrada da Granxa ata cruzamento coa rúa Serra Martiñá. Rúa Serra Martiñá ata fin de municipio pola vía férrea (Penarredonda, Peza, Porteliña...). Tódalas rúas interiores dentro deste perímetro.

Área limítrofe: resto do Concello.

